



Folla de sala / Galego

REFECTORIO

1

O refectorio ou comedor, xunto coa cociña e o claustro, formaban parte das dependencias do antigo convento de San Francisco que, segundo a tradición, foi fundado polo propio santo ao regreso da súa peregrinación a Santiago de Compostela no ano 1214. Este refectorio é obra do século XVIII e presenta unha planta rectangular cuberta cunha bóveda de canón rebaixada, rachada por catro lunetos no lado esquerdo, que descansa sobre cinco arcos perpiaños. Arrancan estes arcos dunha imposta de talón moi acusada, ornamentada con volutas e coas características placas do barroco.

No lateral oeste atópase un pequeno púlpito ou *ledoiro*, realizado en granito, empregado polos frades franciscanos para as lecturas piadadasas durante as comidas. Flanquean este púlpito unha pequena lacena e un oco ou *torno* destinado ó servizo entre a cociña e o refectorio, elementos que presentan as xambas, linteis e soleiras de granito.

Alberga esta sala unha colección de maquetas a escala, doadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, realizadas por *Tranqueira Construcións* con pequenos fragmentos de granito, xisto, madeira e palla. Hainas de dous tipos: seis que reproducen pallozas de concellos da montaña lucense (A Fonsagrada, Navia de Suarna, Cervantes e Pedrafita do Cebreiro) e dez que amosan edificacións populares dos concellos polos que discorre o Camiño Francés na provincia de Lugo. Do primeiro tipo mencionaremos a palloza de Veiga do Seixo, que permite contemplar a estrutura interna deste tipo de vivendas, e a espectacular de Piornedo, ambas as dúas situadas no concello de Cervantes. Do segundo destacaremos as que reproducen a Casa de Eirexe de Pasante (Triacastela), a igrexa do Cebreiro e a Capela do Ciprés de Samos, monumento senlleiro declarado Ben de Interese Cultural.

No lateral leste, atópase incrustado na parede un canzorro románico ornamentado con motivos xeométricos. De xeito circunstancial este espazo tamén alberga exposicións temporais.



Hoja de sala / Castellano

REFECTORIO

1

El refectorio o comedor, junto con la cocina y el claustro, formaban parte de las dependencias del antiguo convento de San Francisco que, según la tradición, fue fundado por el propio santo al regreso de su peregrinación a Santiago de Compostela en el año 1214. Este refectorio es obra del siglo XVIII y presenta una planta rectangular cubierta con una bóveda de cañón rebajada, rota por cuatro lunetos en el lado izquierdo, que descansa sobre cinco arcos perpiñaños. Arrancan estos arcos de una imposta de talón muy acusada, ornamentada con volutas y con las características placas del barroco.

En el lateral oeste se encuentra un pequeño púlpito o *ledoiro*, realizado en granito, utilizado por los frailes franciscanos para las lecturas piadosas durante las comidas. Flanquean este púlpito una pequeña alacena y un hueco o *torno* destinado al servicio entre la cocina y el refectorio, elementos que presentan las jambas, dinteles y soleras de granito.

Alberga esta sala una colección de maquetas a escala, donadas por la Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, realizadas por *Tranqueira Construccions* con pequeños fragmentos de granito, pizarra, madera e paja. Las hay de dos tipos: seis que reproducen pallozas de ayuntamientos de la montaña lucense (A Fonsagrada, Navia de Suarna, Cervantes y Pedrafita do Cebreiro) y diez que muestran edificaciones populares de los municipios por los que discurre el Camino Francés en la provincia de Lugo. Del primer tipo mencionaremos la palloza de Veiga do Seixo, que permite contemplar la estructura interna de este tipo de viviendas, y la espectacular de Piornedo, ambas situadas en el ayuntamiento de Cervantes. Del segundo destacaremos las que reproducen la Casa de Eirexe de Pasante (Triacastela), la iglesia de O Cebreiro y la Capilla del Ciprés de Samos, monumento singular declarado Bien de Interés Cultural.

En el lateral este, se encuentra incrustado en la pared una ménsula románica ornamentada con motivos geométricos.

De forma circunstancial este espacio también acoge exposiciones temporales.